

COLA DA VIDA

Centros de menores

21.02.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Os centros de menores son servizos sociais suxeitos a unha normativa propia de cada Comunidade. Como en calquera outro centro asistencial, o seu persoal trata de desempeñar o mellor posible as súas funcións, máxime cando sabe que está traballando cun material moi sensible, nenos de entre 0 e 18 anos, acollidos baixo tutela ou garda da Administración.

Así as cousas, cada pouco tempo xorden noticias que saltan ás primeiras páxinas dos periódicos como auténticas dagas contra a sensibilidade, o que produce tanto dentro como fóra destas institucións situacións de alarma. Para os de fóra, é dicir, para o cidadán da rúa, a expresión é de estupor. Para os de dentro, os profesionais, de indolencia cara ao seu traballo.

A última noticia deste tipo foi debida ao informe do Defensor do Pobo: Os centros de protección de menores con trastornos de conduta e en situación de dificultade social, isto é, os que se coñecen como centros terapéuticos. Pero, que son estes centros? Na área sanitaria, os menores con trastornos de conduta non teñen cabida. Non hai centros especializados para eles. Cando un menor de 18 anos necesita asistencia médica por un problema de tipo psiquiátrico ingrésase nun hospital, pero, tras as primeiras terapias, é devolto á súa casa. O problema é que nela a atención adoita ser moi primaria, polo que os seus pais buscan un centro onde ingresalo para que o atendan axeitadamente.

Desde hai uns poucos anos, os servizos de atención á infancia de Galicia encárganse deles. Concretamente, o único centro asistencial deste tipo está en Vilagarcía. Este centro conta con persoal profesional (psicopedagogos, psicólogos, enfermeira, logopeda, educadores, etc.) que, segundo o último informe do Valedor do Pobo, cumpren dignamente coas súas tarefas. As únicas pegas fan relación a que a súa infraestrutura é pouco axeitada e o seu número de prazas insuficiente. A Administración está a solventar, cando menos, a primeira dificultade, trasladándoo a outra localización. Esperemos que, en pouco tempo, o faga, e estableza todas as prazas que Galicia precisa, e da calidade de atención da que xa gozan os internos das existentes. Mentres isto acaece, démoslles aos profesionais os méritos que colleitan, sen menoscabar a súa honra con noticias pouco contrastadas ou malintencionadas.